

## **Construír unha patria. A poesía de Manuel María entre 1957 e 1977**

MARTA DACOSTA ALONSO

“Manuel María demostrou... que se podía facer unha poesía exquisita sen perder o referente da realidade social e do país e a comunicación e a emoción que lle dá forza á palabra.” (López Foxo, 2005)

Estas palabras de López Foxo ilustran cal é o obxecto desta comunicación: demostrar que Manuel María foi un dos poetas representativos da poesía denominada socialrealista e que esta temática foi abordada ao longo dos seus libros sen menoscabo do lirismo e a poeticidade que deben concorrer na construción do verso. Tamén que esta corrente está en pé de igualdade con outras, malia as críticas que recibiu das xeracións seguintes. Revisaremos a clasificación xeracional e estableceremos as singularidades do noso autor nesta corrente.

O ámbito do noso estudo será a produción comprendida entre os anos 1957 e 1977, anos en que se escriben e publican as obras que canonicamente se consideran como pertencentes a esta corrente. Poderíamos estender este ámbito, comprobando se a poesía socialrealista, ou a temática socialrealista, segue presente na obra de Manuel María para alén dos límites comunmente establecidos para esta corrente, mais as limitacións desta comunicación non permiten un estudo tan extenso.

## 1. DA CLASIFICACIÓN: XERACIÓN DA FESTAS MINERVAIS OU XERACIÓN DE 1957?

En 1984 Méndez Ferrín publica *De Pondal a Novoneyra*, texto en que aborda o estudo da nosa literatura desde finais do XIX até a xeración de Manuel María. Neste estudo Ferrín realiza unha clasificación que aínda manteñen unha parte dos estudosos da nosa literatura. Ferrín establece a denominación de *Xeración das Festas Minervais* para os autores nados entre 1930 e 1940. Outros autores falarán de *Xeración dos 50* e manterán unha caracterización similar á que establece Ferrín.

Porén, parécenos máis acaída a clasificación que realiza X. M. Millán<sup>1</sup>. Millán rebate a caracterización de Méndez Ferrín e argumenta que a participación nas Festas Minervais foi un feito individual e anecdótico; autores como Manuel María, Xoana Torres, Novoneyra ou Avilés de Taramancos non terían participado nestes certames; ademais sinala que o carácter destas festas “académico, oficialista e castelanizador” (Millán Otero, 1995, páx. 28) non está en consonancia coa actitude deste grupo de poetas. Por outro lado Millán argumenta que esta denominación remite directamente á compoñente poética da xeración co que se estaría a empregar unha etiqueta que deixaría de lado unha das súas grandes producións: a nova narrativa. Por estes motivos Millán propón unha nova denominación, *Xeración de 1957*, que xustifica do seguinte xeito:

- En 1957 Galaxia crea a colección Illa Nova, precisamente un dos trazos que se considera caracterizador do grupo.
- En 1957 realízanse no Círculo Mercantil de Santiago un ciclo de conferencias sobre literatura galega, feito transcendental pois non era habitual na época que se realizasen este tipo de actos culturais que ademais supoñían unha defensa en público da nosa identidade.
- En 1957 prodúcese en Compostela a reunión entre os representantes da Galiza exiliada e a Galiza interior, reunión en que os representantes de América propoñen unha reorientación da loita contra o franquismo, sen que haxa entendemento, co que se consolida a vía culturalista de Galaxia.
- Tamén en 1957 entran en contacto en Madrid os mozos que formarían o grupo Brais Pinto.

É precisamente nese ano de 1957 cando Manuel María escribe *Documentos personaes*, o libro que, publicado en 1958, podemos considerar o primeiro libro de poesía socialrealista, unha das correntes poéticas fundamentais nesta xeración.

Para Millán o núcleo central deste grupo de autores son os nados entre 1930 e 1940, persoas para as que a guerra ten unha importancia secundaria e que rexearán a represión e o atraso impostos pola ditadura. Sofren a incidencia do proceso castelanizador e para eles “o reencontro con Galicia e co galego como lingua oral e literaria é ... o remate dun ciclo de maduración intelectual só concluído a fins dos anos

<sup>1</sup> Millán Otero, X. M., “O contexto literario”, en B. Graña, *Profecía do mar*, Vigo, Xerais, 1995.

cincuenta cando a fidelidade á lingua e ao país se asume como o principal signo de oposición a unha realidade hostil e deformante.” (Millán Otero, 1995, páx. 31).

Os trazos caracterizadores da xeración, segundo Millán, serían o individualismo estético e temático; o afán universalista: “a universalización consciente da poesía galega, fuxindo do enxebrismo ao tempo que se restaura a liña social-patriótica de forma máis radical ca entre os predecesores” (Millán Otero, 1995, páx. 37); o sincretismo entre a vangarda contemporánea e o clasicismo; a tendencia ao épico que se concreta no protagonismo do social e do cósmico fronte ao individual e que estaría relacionado cunha nova interpretación dos xéneros literarios que levaría a un profuso emprego da elexía, o canto, ou a oda, como vemos en Manuel María.

En relación con esta tendencia ao épico, tal e como o entende Millán (que parte da concepción de Massaud Moisés), a poesía de Manuel María, Bernardino Graña e Uxío Novoneyra ten trazos que a singularizan fronte á produción dos seus compañeiros de xeración.

Os tres poetas teñen en común un trazo que imos denominar *visión ecocéntrica*, unha visión que engloba nun mesmo rango de igualdade humanidade, animais, natureza e planeta, e que se traslada á poesía. O “home –e o poeta como metonimia de toda a humanidade- deixan de ser o centro do universo literario para converterse nunha parte máis, nin sequera privilexiada, e o seu oco vai encherse coa omnipresencia da natureza, a materia e as súas forzas desatadas.” (Millán Otero, 1995, páx. 47) Esta desaparición do antropocentrismo é especialmente evidente na poesía de Manuel María que pon en pé de igualdade natureza, animais e persoas. Por iso falamos de ecocentrismo, que é a forma en que se denomina unha visión do mundo en que o home non é central, senón que todo o que ten que ver coa vida, en calquera das súas manifestacións, é o que ocupa o centro. En palabras de Manuel María: “¿Cándo faremos un mundo no que poidan // cantar libremente en paz, // en auténtica irmandade, // homes, ventos, planetas, ríos e paxaros?” (Manuel María, 2001, páx. 530)

## 2. MANUEL MARÍA: POETA SOCIALREALISTA.

A poesía de Manuel María axústase á caracterización da poesía socialrealista, mais ten trazos propios que a singularizan fronte a outras producións, nomeadamente fronte á produción poética de Celso Emilio Ferreiro. É o propio Manuel María quen nos dá a clave nun artigo en que nos fala da súa admiración por Celso Emilio e deixa claro cal foi a relación que mantiveron ao longo da súa vida ambos os dous poetas. Manuel María sinala que Celso Emilio foi un poeta progresista e menciona como exemplo deste progresismo parte dos temas que tratou o de Celanova, temas que abordou nos poemas que coñecemos como poesía socialrealista, mais Manuel María sinala que “O que non foi ... é o que se entende ... por poeta nacionalista galego como, por exemplo, Ramón Cabanillas. A temática da poesía de Celso Emilio Ferreiro vale

pró povo galego. Isto é evidente. Pro hai unha temática especificamente galega – normalización da lingua e da cultura, autodeterminación, situación do asoballo nacional, dependencia, etc.- que non aparece na súa poesía, se exceptuamos o fermosísimo poema adicado ao idioma propio.” (Fernández Teixeira, M. M., 1989, páx. 6).

Por tanto, Manuel María representaría o *socialrealismo de xorne nacionalista* que se caracteriza por reivindicar o país a través, fundamentalmente, da denuncia da situación de asoballamento, sometemento e colonización do noso pobo, e a defensa do idioma.

### 3. DE 1957 A 1977: CONSTRUIR UNHA PATRIA.

#### 3.1. A temática:

Son moitos os temas que trata o noso autor e trátaos a un mesmo tempo, por máis que a edición das súas obras nos ofrezca unha imaxe xebrada do seu emprego. A diversidade de temas que trata e como van xurdindo da súa man está perfectamente expresada no poema “O mesmo que Saleta ...” do libro *Remol*.

Dentro do socialrealismo poderíamos dicir que a súa obra trata un gran tema xeral, un único tema que se vai debullando en cada unha das súas faces, mostrándonos cada cor deste crisol único: Galiza. Diríamos, entón, que a súa obra aborda ademais do amor, a morte, a soidade existencial ... un gran tema, o de Galiza, concretado ao longo da súa obra en subtemas como a defensa da terra, a paisaxe, o ser humano, a reivindicación da nosa cultura, da nosa lingua ... O propio poeta manifestou en 1995, “sentin desde rapaciño a conciencia de pertencer a unha comunidade e, por outra banda, dinme conta de que esa comunidade non estaba normalizada. Pareceume o máis natural denunciar esta situación precária e dicerlle á xente que nos xogamos mesmo a nosa sobrevivencia.” (C. Vidal, 1995, páx. 27)

Este macrotema inscribese dentro da caracterización do socialrealismo, mais en Manuel María podemos dicir que esta temática vai máis aló do tempo do socialrealismo, é unha temática que perdura na súa obra, malia ter o momento de maior presenza nesta época.

Da análise temática das obras comprendidas neste período e que pertencen plenamente ao socialrealismo concluímos que presentan unha estrutura fixa. Iníciase cun poema/contextualización e/ou cun poema/manifesto. En ambos os dous casos trátase de poemas que sitúan o libro que se inicia. O *poema/contextualización* sería o centrado en explicar o momento histórico e mesmo presentar o poeta dentro dese marco, e o *poema/manifesto* sería de temática metapoética, é dicir, realizaría a contextualización do poeta dentro do ámbito literario, e indicaría cales son os seus obxectivos. Os libros rematan con poemas/mensaxe que fechan o texto deixando no lector un chamamento, moitas veces centrado nos últimos versos do libro, sendo así

un foco de atención a derradeira palabra do mesmo. Comprobémolo mediante un pequeno cadro:

Título	Poema – contextualización	Poema-manifesto	Peche
<i>Documentos persoais</i>	“Carné de identidade”	“Digo o meu mensaxe”	“Testamento”, todo o poema
<i>Mar maior</i>	“Testemuña”	“Comezo por decir ...”	“¡E que amencerá o sol e a liberdade // porque o espírito da terra está con nós...!”, do poema: Carta a Victor Luis Molinari
<i>Proba documental</i>	“Fe de vida”	“Reclamación laboral”	“Por eles, // por Galiza // ten verdadeiro // sentido // a nosa vida.” do poema: Canción sinxela para rematar.
<i>Versos pra cantar en feiras e romaxes</i>	“Galiza”	“Epístola a un poeta lírico”	“Non falar galego endexamais // (é idioma do pobo, moi vulgar), // vivir do que súan os demais, // ¡e denantes morrer que traballar!” do poema: Breve manual para deprender para señorito.
<i>Versos pra un país de minifundios</i>	“Os intres que estamos ...”	“Non estou nun mundo de revelacións ...”	“O pobo sempre procura // de novo, por instinto, // os camiños que o levan // cara a súa // enalienábel // e definitiva liberdade”
<i>Remol</i>	“Tarxeta de visita”	“Sei o que vale un verso”	“¡o amor e máis a liberdade // é algo que non pode asasinarse!” do poema: Mensaxe a Ernesto Che Guevara.
<i>Canciós do lusco ó fusco</i>	“Canción para andar polo mundo”		“¡Hai que defender a fala con mau dura // pois precisamos da fala para salvarnos!” do poema: Canción para cantar todos os días.
<i>Odes nun tempo de paz e de alegría</i>	“Oda á perfección deste mundo” e “oda pesimista ao meu país”	“Oda ao meu éxtase lírico”	“Galiza é a terra máis rica, culta // e feliz do universo: desto non // hai dúbida. ¡Vivir é unha gloria! // Agora eu non teño máis que darvos, // nin vós máis que me pedir”, do poema: Oda a min mesmo.
<i>Aldraxe contra a xistra</i>			“Nós non podemos ser // a ollada tristiera // perdida na vastedade // do Atlántico ...”
<i>Informe pra axudar a alcender unha cerilla</i>			“Cando faremos un mundo no que poidan // cantar libremente en paz, // en auténtica irmandade, // homes, ventos, planetas, ríos e paxaros?”
<i>Laio e clamor pola Bretaña</i>			“Escoitade as palabras dun galego, // dun home do pobo // que vos berra de Fisterre a Fisterre // kenevó”
<i>Cantos rodados para aliados e colonizados</i>	“Invocación a Castela”	“Canto ao idioma galego” e “Arte poética para uso persoal”	“o balance, mira tí: // ¡aos pobres dilles que non // e aos ricos dilles que si!”
<i>Poemas pra construír unha patria</i>		“Poema/autocrítica”	“berrade, // erguédevos, // loitade // deica que, todos xuntos, academos // a liberación-nacional da nos patria” do poema: Poema/invocación aos diversos elementos da paisaxe
<i>Poemas ao outono</i>	“Son tempos de alerta e de velar”		“¡Berra pola luz e pola xente // e comeza, sen máis, a combater!”

Esta estrutura obedece a unha clara intención comunicativa. Toda a poesía de Manuel María é unha poesía pensada para ser comunicada, pensada para ser devolta ao pobo. O poeta toma nas súas mans a materia que o pobo mantivo viva: o idioma, moldéaa para convertela en poema, en obra literaria, en cultura e así devolverlla ao pobo, o seu lexítimo propietario, devolverlla como homenaxe e como ferramenta de liberación. O poeta toma do pobo un legado secular para devolverllo en forma de canción, en forma de poema que, de romaría en romaría, de reunión en reunión, sexa unha labarada que esperte conciencias e alumee o camiño da liberdade.

### 3.1.1. *Documentos personae* (1958)

Escrito en 1957 é o primeiro libro que se publica de poesía socialrealista. Ábrese co poema/contextualización “Carné de identidade”, en que o autor se presenta. Manuel considérase ante todo un labrego, un home do pobo, das clases populares, un labrego que se caracteriza por ter “algo de poeta”.

De acordo coa estrutura de que falamos anteriormente, o libro segue cun poema/manifesto que establece cales son as súas intencións literarias e estéticas. Neste poemario é o clarificador poema : “Digo o meu mensaxe”, toda unha declaración de principios, unha verdadeira poética que nos indica desde o primeiro verso cal é a vontade do poeta, dicir a súa mensaxe: vivide, e facelo sen metafísica poética, coa maior claridade, renunciando se é preciso a calquera artificio que poida ensombrecela, antepoñendo a necesidade de comunicación á orixinalidade do poema.

Desde o inicio, deixa clara a súa ruptura co que representou a Escola da Tebra e co existencialismo individualista. O poema mesmo nos lembra o xeito rupturista dos mozos do manifesto Máis Alá: “Señor Don Salvador Dalí: para pouco val // a mística noviña que vostede, // quer sacar do alcatrán retorcendo o bigote.”, deixando clara a súa oposición a un surrealismo que fuxía da realidade sen entregarse á loita, dun xeito aristocrático e acomodado (ás veces mesmo colaboracionista co réxime). Máis adiante ataca a puerilidade e a inxenuidade: “A azucena non é pura e ten seu lixo: // ó fecundar deixou de ser virxinidade. // Eu ben sei que algún poeta ó saber esto // chorará.”.

A ironía e o humor están xa como elementos fundamentais para realizar a crítica dunha sociedade opresiva, así no poema “Bando”, que adopta a forma do documento administrativo para ridiculizar as prohibicións irracionais, para criticar o poder alleo á realidade, que se converte así en hostil e contrario á humanidade.

### 3.1.2. *Mar Maior* (1963)

Este libro é coetáneo na súa escrita de *Documentos personae*, mais por motivos diversos permanecerá inédito até 1963, en que consegue publicalo grazas á intermediación e insistencia de Celso Emilio Ferreiro ante a editorial (Galaxia).

Está introducido cunha cita de Meendinho (“... Non hei barqueiro nin remador; // morrerei frefosa no mar maior ...”) co que dialoga o primeiro poema do libro, “Testemuña”, e que serve para explicitarnos o porqué dese título: Mar maior, estado de escuridade e confusión en que o poeta se atopa illado e abandonado. Como di nese poema inicial “Estou entre a néboa, aquí en Galiza. // Non teño dornas para navegar o mar // que peta en min, mouro e terríbel.” (Manuel María, 2001, páx. 207)

Deste xeito o libro ábrese co mar como símbolo dunha época escura, de represión, de ausencia de liberdade, por iso o poeta di estar entre a néboa, illado e sen capacidade de saír. Neste primeiro poema, poema/contextualización, atopamos a simboloxía que caracteriza a poética de Manuel María. O noso autor tira do campo semántico da escuridade e da luz ou das flores os símbolos que precisa para opor a situación opresiva do presente a un futuro de esperanza. Neste poema contrapón a “néboa” en que vive, á rosa, frefosa e branca, que simboliza ese tempo de esperanza que está por chegar.

O libro estrutúrase en seis partes. A primeira contén os poemas que formarían parte da liña socialrealista, aquí atopamos o poema/manifesto “Comezo por dicir ...” onde se volve posicionar contra o xeito poético anterior. De novo volve pór en contradición o intimismo egoísta coa necesidade de entregarse á loita, de oporse ao que está a acontecer ao seu redor. Fronte ao poema “Digo o meu mensaxe” de *Documentos personaes*, fala agora de que non hai orixinalidade se non se racha coa poética anterior, fala dun constante plaxio, fai unha crítica da poesía que nace da contemplación doutras realidades, é dicir, da lectura e do plaxio doutras realidades, critica así a incapacidade de analizar a realidade propia, asumindo o que o noso país é.

Na terceira parte está presente o poema “Verbas á miña nai”, poema en que o autor homenaxea á nai a través do propio idioma, volvéndolle á nai, en forma de poema, as palabras que ela lle aprendeu na infancia. Neste mesmo poema Manuel María explica a “sequedade” do seu verbo, unha ausencia de tenrura que nace da pobreza en que viviu. Manuel María quéixase de que non ten verbas doces e amorosas, que a súa poesía está aparentemente falta de tenrura porque nace tamén desa pobreza, a pobreza do pobo. É dicir, unha lingua pobre, espida de tenrura, para representar a un pobo pobre e asoballado. O poema expresa metonimicamente o labor fundamental de Manuel María: a comunicación poética, a revalorización de Galiza, do seu idioma a través da cultura, a necesidade de tomar o legado do pobo e convertelo en cultura, cultura que é para lle entregar ao pobo, para dignificar o pobo.

### 3.1.3. *Os soños na gaiola* (1972)

Non é propiamente un libro de temática socialrealista, mais os seus ecos chegan a algún poema e é importante para a configuración da imaxe do noso autor. Porque Manuel María era ante todo un home do pobo, un home comprometido co seu país e por iso unha obra como esta é unha obra esencial para entender a súa produción poética. A partir da súa obra, xa directamente, xa a través das versións musicadas, as

xeracións máis novas tivemos unha ferramenta coa que Manuel María non contaba. Precisamente niso pensaba o noso autor cando escribiu *Os soños na gaiola*, que se abre cunha “Carta aos nenos” en que Manuel explica o porqué deste libro, pola necesidade de encher un oco que existía no noso país, cuns versos achegados aos máis pequenos, aqueles versos que o propio Manuel botou en falta na infancia.

O libro foi ferramenta imprescindible de moitos mestres e mestras para promover a normalización e a aprendizaxe da nosa lingua e da nosa cultura. Foi un libro que tivo unha enorme acollida e disto dá mostra o feito de que no mesmo ano de 1972 se publicasen até tres edicións (a segunda edición tivo 3.000 exemplares). Non só foi un libro vendido e lido, algúns dos seus poemas convertéronse en canción co que se multiplicou a proxección que xa tiñan.

O libro estrutúrase en varias partes: Galicia, O mundo, As cousas, Homes, nenos e nenas, Animais, Paxaros. Nesta estrutura Manuel María parte do próximo e común para ir cara ao universal, por iso en primeiro lugar fala de Galiza, para presentar en primeiro termo a realidade propia e logo pasar a falar do que podemos atopar en calquera parte: o sol, as estrelas, a lúa ... No primeiro poema, nesa presentación da nosa terra, está, como non, a presenza do pobo e os seus traballos (“¡ten vales e montañas // e terras pra labrar!”, “Ten portos, mariñeiros, // cidades e labregos // ¡cargados de traballos, // cargados de trafegos!”) e, como noutros poemas do autor, a mensaxe de que Galiza é algo máis cás paisaxes e as xentes que vemos, algo máis cá concreción física, é a concepción que nós temos dela (“¡Pro hai outra Galicia // que vai no sentimento!”), e sobre todo Galiza é o propio pobo e o idioma que el creou (“Galicia somos nós: // a xente e maila fala”). O poema remata exclamativamente: “¡Se buscas a Galicia // en ti tes que atopala!” (Manuel María, 2000, páx. 8)

#### 3.1.4. *Proba documental* (1968)

*Proba Documental* fai o nº 2 da colección Val de Lemos e publícase en 1968. Val de Lemos foi un proxecto editorial, de autofinanciación das publicacións, urxido polas dificultades de publicación. Non é a primeira vez. Xa na década anterior, xunto con Ánxel Xohán, puxera en marcha a colección Xistral que se autofinanciaba coa venda de cada título para que puidese saír o seguinte, só había que buscar financiamento para o primeiro e achouna nunha colecta realizada na tertulia do Méndez Núñez (un proxecto semellante botaría a andar a finais de século en Compostela: Letras de Cal)

O libro comeza co habitual poema/contextualización, “Fe de vida”, en que o poeta recorre á ironía para realizar unha caracterización por contraste: non é o que se entende por ben educado, non se presenta con cortesía, non vai tomar os viños, nin se pon lírico, en definitiva, non garda as aparencias. En “Estudio socio-económico-cultural” manifesta a necesidade de opoñerse á ortodoxia imperante, cantadora do “verde dos lameiros”, da “xeorxísima calma das campás”, o poeta di: “Hai que dicir



sempre non, non // e non a tanto tópico que afoga, // que nos impide xa o respirar.” (Manuel María, 1993, páx. 32)

### 3.1.5. Versos para cantar en feiras e romaxes (1969)

Este libro foi redactado ao mesmo tempo que *Os soños na gaiola*, 1967. O seu título fainos pensar que estaremos ante poemas sen grande dimensión crítica, mais non é o caso. O primeiro poema é o poema/manifesto “Epístola a un poeta lírico”, en que o autor convida ao poeta a comprometerse co seu pobo, e critica o lirismo da poesía amorosa e bucólica, o autor reclámalle: “¡Ponte do lado dos homes // e non do da primaveira!” (Manuel María, 2001, páx. 346)

A continuación está o poema/contextualización, “Galiza”, en que vai contrapóñendo a visión oficial externa á realidade do país:

“... ríos // cheos de marmurios // como chíos, // de bolboretas”	“(Nos ríos fanse presas // de grandes remesas // de electricidade ...”
“... cabaceiros ... debuxados // fotografados”	“si non estiveran baleiros // serían pintureiros”

É, por tanto, un libro de versos para cantar, co obxecto de difundir a verdade, en feiras e romaxes, é dicir, en canto lugar público e concorrido poida facerse. O libro tivo que editarse en Montevideo.

O poeta vai tocando distintos temas: a emigración, os traballos dos labregos, os padecementos dos mariñeiros, os dos obreiros ..., contrapóñendo a visión idealista á realidade, así en “O mariñeiro” onde contrapón a visión aventureira á realidade dun traballo perigoso, de xeito irónico: “E ao ver o prezo do peixe // é xusto que me queixe, // que non coide normal // o diñeiro // que o mariñeiro // percibe de xornal”. En contraposición a esta ironía está a explicitude do poema “Obreiros”, “e protestar, // operarios // proletarios // contra dos mínimos salarios // e da explotación // por parte do patrón”

O poema “Historia do home que toma o sol” é o correspondente ao “Monólogo do vello traballador” de Celso Emilio. Aquel, publicado en *Longa noite de pedra* en 1962 é un poema en primeira persoa en que o traballador, desde o presente, fai memoria da súa vida, da vida dun asalariado a conta do cal se enriqueceu o patrón. O poema de Manuel María, máis extenso, está escrito en terceira persoa, é un velliño que anda á procura da raxeira e que naceu labrego. Manuel María fálanos da súa vida, do traballo sen descanso, do servizo militar submisivo e fiel a unha patria que non é a súa, da emigración dos fillos, da soidade, da tristeza, e da pobreza: “¡Este velliño, fraco e magro, // vive do subsidio e do milagro”. Como o propio Manuel María manifestou hai entre os dous poemas a diferenza que existe entre o universal e o particular, o do poema que representa unha realidade que se reproduce en distintas latitudes fronte ao poema que representa unha realidade propia dun país, de Galiza, un poema que vai

máis aló da situación dun home, que ao falar da historia da persoa, fala da historia do país.

### 3.1.6. *Versos pra un país de minifundios* (1969)

O libro escribiuse entre o 14 e o 22 de xuño de 1968, tenta publicalo en Galiza, na colección Val de Lemos, mais o feito de que lle censuren un terzo dos poemas, decídeo a editalo en Buenos Aires. Da presentación deste libro dá conta *A Nosa Terra* no mesmo ano 1969, referíndose a un acto celebrado o 28 de marzo do 69 no Centro Ourensán, ao que acudiron numerosas personalidades da colectividade galega. O acto de presentación convértese nun acto de afirmación galega e de reivindicación da poesía comprometida.

O poema que abre o libro, poema/contextualización, retrata o momento, un momento que o poeta cualifica como o da verdade, o momento en que cobran sentido: “... verbas arrepiantes, // como son: “fala materna, // emigración, pobreza, economía, // conciencia, minifundio, compromiso.”. Deste xeito, aparentemente tan simple, enuncia Manuel María os principais problemas do noso país, denominados “verbas arrepiantes”, porque producen arrepiño entre os defensores do franquismo, eses que procuran que non se fale deses temas, que nin sequera se pronuncien esas palabras. É o momento da verdade e de desconfiar dos que falan “das glorias do pasado, // de melancolías e saudades, // de folclor e paisaxe, // do teu lirismo requintado.”

O libro é unha invitación á loita, que para el é unha tarefa urxente, e chama unha e outra vez ao pobo para que se libere da súa mansedume, mesmo chega a empregar a imaxe de queimar a terra, nun xeito de purificación, para logo volver arar de novo e sementar. No libro predominan os poemas que falan da lingua e do pobo, un pobo que está constituído tamén polos galegos de alén mar, aos que chama irmáns.

### 3.1.7. *Remol* (1970)

Segundo as palabras do propio autor, que preceden ao libro, foi escrito entre 1963 e 1968. Moitos temas se dan cita neste poemario, ao que pertence o poema “Acuso á clase media” que se publicou por primeira vez no ano 1965 en *A Nosa Terra* en Buenos Aires<sup>2</sup>. Na introdución ao poema o xornal fala da existencia dunha nova xeración poética comprometida coa situación do país, do que dá mostra o poema.

A posición que sobre a clase media expresa Manuel María neste poema achámola noutros poemas e noutros títulos do autor. Poema a poema o autor incide unha e outra vez no seu tema fundamental, en cada unha das súas visións: Galiza, a nación que lle dá o idioma, aínda que no libro apareza tamén algún poema de ámbito máis universal: “Proclama contra a guerra atómica”.

<sup>2</sup> O poema foi musicado e sobre o seu paso pola censura conta Manuel María que “pasou á censura en Madrid porque quen o levou, un toledano que falaba moi ben galego, dixo que non sabía moito pero que lle parecía que era un pseudónimo de Afonso X o Sabio e o censor puxo *grávese*” (C. Vidal, 2002).

Destacaremos dous temas máis neste libro. O primeiro é a denuncia da emigración, que en “Fala calquer galego” é descrita como unha necesidade de fuxida. Desde os seus versos envía palabras de agarimo para os emigrantes, así en “Mensaxe aos emigrantes galegos”, poema dedicado a Anisia Miranda e Neira Vilas. Esta visión é froito do encontro con persoas comprometidas que desde o outro lado do mar axudan a que se manteña acesa a chama de amor á patria, persoas como Manuel Puente ou Victor Molinari. O poema “Noticias” trata tamén o tema da emigración, mais agora conectando directamente coa liña crítica de Rosalía, Curros e Castelao, coa que denuncia os Plans de Desenvolvemento que baldeiran de man de obra os nosos campos. En “Laio dun emigrante” predomina a perspectiva intimista do emigrado que sente morriña da terra e ao mesmo tempo sente que non é de ningures, que é unha mercadoría que anda dun lado para outro.

O segundo tema, singular e relevante pola claridade con que se aborda, é a defensa da muller galega. No “Poema á muller galega”, na súa primeira parte, vai rebatendo un a un cada un dos tópicos que sobre a muller se teñen escrito:

luceiros en vez de ollos	senón unha tristura arrepiante // de ollar a un mundo inxusto
en vez de dentes pérolas	os seus dentes roen broa de millo ... // realidade dura como un seixo
a pel de lirio ou azucena	senón unha pel queimada polo sol
corpo de vimbio	un corpo duro, resistente // cangado polo traballo
a dona ... // nin a raíña do fogar	a compañeira fiel, // valente e amorosa // igual ao home na loita contra a vida
beizos de fresa ou de coral	os seus beizos están ... // apretados pola dore e a carraxe
A súa orellas... // caracolas de nacre	están feitas de terra // e escoitan ... // a voz dos fillos
a súa sorrisa é // un raio de sol na primavera	é unha luz morta ... // como unha tarde pecha de inverno, // un suco acedo // aberto á tristura

As mulleres son tamén pobo, son traballadoras: “labregas, // mariñeiras, artesás, obreiras, // pasado, pobo, presente, // alma e futuro de Galiza”, son as grandes esquecidas dos poetas na torre de marfil, imposibilitados de cantar a unha muller que representa a Galiza, unha muller traballadora que ten o galego como lingua.

A segunda parte do poema fala de mulleres con nome propio en Galiza: Etheria, Rosalía, Concepción Arenal, María Balteira, Pardo Bazán, María Pita e conclúe comparando Galiza coas súas mulleres, declarando que as propias mulleres son Galiza.

### *Canciós do lusco ó fusco* (1970)

O poemario preséntase á censura voluntaria en setembro de 1968 que suprime o poema “Canciós pra cantar todos os días”, quizais pola súa linguaxe directa sen ambigüidades. Mais o feito de que a censura o suprima, non impide que chegue a

publicarse, case ao tempo que o propio libro. Publícase na revista *Aturuxo*, unha revista escolar, por petición dos alumnos de preuniversitario, por tanto nun medio que acada unha grande difusión entre un público que para Manuel María era un público moi importante: a mocidade.

A censura suprime “Canción pra cantar todos os días”, mais outros poemas do libro non deixan lugar a dúbidas, así “Canción pra agardar un novo día”, unha canción para chamar o pobo e pedirlle que esperte, que se erga, que camiñe cara á luz, é dicir cara ao futuro, con seguridade, sen medo, saíndo dese tempo de tebras que impuxo a ditadura. No poema, Manuel María emprega a palabra “irmán”, coa plena conciencia de estar a empregar o termo con que se relacionaban entre eles os membros das Irmandades da Fala, establecendo así a conexión entre as xeracións de preguerra e de posguerra. Neste poema aparece tamén o símbolo da néboa (nebras), e as tebras.

O libro é, como o seu nome indica, un conxunto de cancións (algunha delas chegou a ser musicada) pensadas para distintos momentos, desde a “Canción para a hora de xantar”, até a “Canción para a hora de morrer”. Algunhas delas son alegorías sobre a situación de opresión do país, “Canción para a hora de tronar”, outras falan, simple ou aparentemente, da pouca luz do día, sen esquecer o frío do mariñeiro, do labrego, do obreiro. Algunhas son decididamente satíricas, “Canción da hora do vermú”, para escarnio de señoritingos, ou “Canción para cando se escoita falar en castrapo”, para burla de galegos avergonzados, malia que con grande humor estea a denunciar que non son máis que persoas colonizadas.

### 3.1.8. *Odes nun tempo de paz e de alegría* (1972)

A ironía, o humor, o sarcasmo, son o trazo formal imperante neste libro. Unha parodia reiterada do mundo que a través de inversións satíricas vai deixando unha e outra vez a súa mensaxe crítica, dobremente incisiva, como por exemplo no poema “Oda á historia”, onde o poeta di que os avances da humanidade se produciron grazas aos gobernos. Non sen intencionalidade escolleu Manuel María o nome de Oda para os seus poemas, o que debería ser unha composición para glorificación dun acto importante, convértese na maior expresión da ironía, poemas que nos provocan a gargallada, mais que nos levan á reflexión, porque nada do que neles se di se axusta á realidade, e iso, para o lector, é absolutamente evidente (“Oda ás casas labregas de Galiza”, “Oda aos meios de comunicación social”).

O poema/manifeso é o primeiro poema do libro, “Oda ao meu éxtase lírico”, e nel Manuel María critica a valoración que se fai da poesía socialrealista, ou a acollida que ten a súa obra, “do meu facer poético, que sempre tivo // o favor dos altos saberes, das forzas // vivas e da docencia oficial do meu país.” Os poemas que seguen, “Oda á perfección deste mundo” e “Oda pesimista ao meu país”, serían ambos os dous poemas/contextualización, diferenciándose no ámbito de referencia.

### 3.1.9. *Aldraxe contra a xistra, Informe para axudar a encender unha cerilla e Laio e cramor pola Bretaña* (1973)

Os tres libros están constituídos por un único e extenso poema. En todos os casos os versos iniciais dos poemas recollen o espírito do poema/manifesto e do poema/contextualización.

En *Aldraxe* ... O poeta fala da súa voz feble, unha voz que clama na tebra, no deserto, que lembra a súa propia historia, di canto ve ao seu redor, armas, ausencia de liberdade de expresión, emigración, un pobo durmido, intelectuais agudísimos que non ven como se desfai o país, o país que se esboroa. Os mozos son emigrantes, as mozas realizan os peores traballos. A xente avergónzase da súa fala. O poeta non sabe “se haberá // volta atrás // se o tempo // pode ser recobrado, // se podemos acadar // unha esperanza ... // unha bandeira”. Fai un retrato de Galiza, un retrato da súa humanidade e percorre a historia desde “o sangue vertido // no Medulio”.

En *Laio* ... Manuel María reproduce os temas habituais na súa poesía, mais agora referidos a outra realidade, Bretaña, realidade que malia ser xeograficamente diferente, comparte co noso país a lacra do colonialismo, contra o que o poeta alza a súa voz solidaria: “A fala bretona vai en min, // prendeu en min como unha flor // e enche de arrecendo // a miña señardade solidaria.” (Manuel María, 2001, páx. 535)

### 3.1.10. *Cantos rodados para aliados e colonizados* (1976)

O poema/manifesto e o poema/contextualización que habitualmente abren os libros de Manuel María están aquí representados por dous poemas singulares. O primeiro poema é “Invocación a Castelao”, a quen declara “conciencia comunal”, para continuar cun “Canto ao idioma galego”. Manuel María sitúa no inicio deste libro, publicado rematada formalmente a ditadura, a necesidade de recoller o pensamento de Castelao e posicionarse en prol do idioma. Despois desta toma de posición aparece outro poema/manifesto, “Arte poética para uso persoal”, en que manifesta que a poesía é a “voz do home e da terra”, que “é de todos, // para todos”.

Manuel Veiga (2003) alude ao xogo de palabras que se crea con Cantos rodados, entre canción e seixo, música ou impacto co que despertar consciencias de aliados e colonizados, despois de morto o ditador, de aí a claridade dalgún verso, algo que comprobaremos a partir desta data, unha mensaxe aínda máis directa e explícita, máis incisiva, máis urxente, porque o tempo é e hai que loitar contra os que queren furtar esa oportunidade. O poema “Canto á colonización” é unha mostra.

### 3.1.11. *Poemas para construír unha patria* (1977)

Este libro representa un fito importante na traxectoria literaria do noso autor. Manuel María é un poeta comprometido, dío el, dío a crítica, dino os seus versos, e este libro é como din os editores: “a enumeración simbólica dos esforzos, dos medios, das loitas que, ultimamente, libramos os patriotas para fortalecer orgánica, ideolóxica

e politicamente o Movemento Nacional Popular. Nestes poemas está o máis significativo da realidade política galega de hoxe e demostran a viabilidade de facer boa literatura dende posicións de claro compromiso político e sobre deste compromiso.” (Manuel María, 2001, páx. 565)

O libro comeza co poema/manifesto “Poema/autocrítica” en que o poeta fai autocrítica da súa actitude lingüística e declara non apartarse máis da súa “primeira/única lingua”. Está formado por poemas/obxecto directos e urxentes, falan da toma de conciencia, dun novo Nós, o Nós dos que se atoparon co pobo e que foron empuxados pola necesidade a buscar unha “ESPIRAL-SIMBOLO-DA-VIDA”, un ideario para “re-CONSTRUIR a nosa Patria”.

Palabras como colonialismo, nacionalismo, patria, ceibe, teñen un protagonismo especial neste poemario, pois ao redor delas xira unha temática xenérica: reconstruír a patria, unha patria ceibe e soberana, e estas palabras definen o momento presente e o desexo futuro. Estamos ante un conxunto de poemas de claro compromiso político, poemas dedicados á AN-PG, a Moncho Reboiras, aos patriotas na cadea ...

### 3.1.12. *Poemas ao outono* (1977)

Coetáneo de *Poemas pra construír unha patria*, López Foxo considera este poemario como un libro que se aproxima da nova corrente estética que se inicia na segunda metade dos setenta. Mais a temática socialrealista está presente en cinco dos vinte sonetos. Hai que salientar que Manuel María mantén a estrutura que viñemos vendo ao longo dos seus libros cun poema/contextualización, trátase do segundo poema: “Son tempos de alerta e de velar” en que, como o primeiro verso indica, sinala que é o tempo de recoller os froitos dunha sementeira longamente prolongada e que tivo a “Galiza por bandeira”. Tamén atopamos un poema/mensaxe de feche que remata cos clarificadores versos: “¡Berra pola luz e pola xente // e comeza, sen máis a combatir!”. Os outros tres poemas de temática socialrealista inciden na necesidade dun futuro ilusionado, na confianza nun “triumfo popular, total e enteiro”.

### 3.2. A expresión poética.

Unha das críticas máis reiteradas contra a poesía socialrealista foi a súa tendencia á poesía panfletaria, a falta de lirismo e unha intensificación do prosaísmo. Certamente, a urxencia comunicativa puido mediatizar a produción poética nun momento en que a mensaxe era o elemento esencial do poema, mais o tratamento lírico da denuncia social está sempre presente, sendo moitas veces a mellor ferramenta para eludir a censura. Así podemos comprobalo no libro *Cancións do lusco ao fusco*, un dos libros onde atopamos algún dos poemas que ilustran a mellor poesía socialrealista, poemas incombustíbeis ao paso do tempo, como “Canción pra agardar un novo día”.

A poesía de Manuel María demostra que non houbo abandono da arte poética neste tempo urxente en que o poema tamén estaba ao servizo do pobo. No nivel fónico anáforas e epímones contribúen á construción do texto poético, no nivel semántico destaca o emprego dos símbolos.

Dous conxuntos de símbolos reitéranse ao longo da obra de Manuel María e ocupan a cerna da súa retórica poética. O primeiro grupo é o dos *símbolos da escuridade* que se referen á represión e á falta de liberdade e que pertencen fundamentalmente ao campo semántico da escuridade: noite, tebras, néboa, escuridade. Ás veces proceden máis concretamente do campo semántico da treboada: trono, tronada, chuvia, nube moura, relustro, e os verbos arroiarse, relustrar, tronar, bruar, chover ... O segundo grupo, antitético do anterior, son os *símbolos da luz*, os que fan referencia á esperanza, á confianza nun futuro novo, e proveñen fundamentalmente do campo semántico da luz: amencer, albor, luz ... e das flores: flor, rosa ...

Exemplos desta simboloxía témolos, por pór un exemplo, en *Canciós do lusco ó fusco*. O poema “Canción pra hora de tronar” é unha alegoría; o noso autor denuncia o clima de represión e a falta de liberdade en que vive o noso país, fala dunha tronada insistente e teimosa que non remata nunca, é dicir, dunha ditadura cruel que non chega ao seu fin. Tamén “Canción pra agardar un novo día” que expresa unha aparente contradición “Non podemos durmir, anque é de noite”, e que, na realidade, resume no seu significado simbólico a necesidade dun tempo, a necesidade de opoñerse á opresión, de loitar, malia os impedimentos reais.

Por outro lado, con moita frecuencia aparecen en Manuel María referencias aos paxaros. Os paxaros son considerados un símbolo espiritual que representan as relacións co outro mundo (son os mensaxeiros dos deuses entre os celtas) de aí que poidan aparecer asociados ás almas dos mortos. Precisamente no poema “Testamento”, *Documentos personaes*, o poeta reclama un coro de merlos para o seu enterro.

Na nosa literatura temos o antecedente de Pondal para quen as aves simbolizaban a nobreza do bardo e os seus desexos de liberdade e vagabundaxe. En *Proba documental* o poema “Os líricos paxaros” abonda neste significado simbólico con reminiscencias pondalianas, no poema aparecen merlos, reiseñores, xilgaros, oureois ... paxaros que voan e cantan. Así pois, os paxaros simbolizan para o noso poeta a liberdade de expresión da que carecen as persoas, liberdade de expresión poética fundamentalmente. Esta simbolización aparece asociada en varias ocasións ao merlo, que ás veces aparece como simboliza o autor, así en “Oficio a un Melro”:

“Pero eu comunicolle a vostede, Señor Melro,  
que non lle diga a ningún o seu cantar.  
Vostede non ten licenzia da Academia  
e non se pode cantar sin máis nin máis.”

(Manuel María, 2001, páx. 176)

O merlo ou Manuel María carece de licenza da Academia?



En canto ao tipo de aves, en Manuel María están presentes as aves próximas do ser humano, os pequenos e humildes paxaros que o labrego atopa no seu quefacer diario: o carrizo, o merlo, o escribente, o pardal, a pega, o corvo. O poeta non nos fala de grandes e maxestosas aves, fálanos de pequenos seres que habitan na fronteira entre a natureza silvestre e a humanizada, de paxaros importantes para o labrego, como a andoriña ou o cuco que anuncian a primavera.

Na expresión poética de Manuel María ocupan tamén un lugar destacado recursos como a alegoría, a comparación, a enumeración, a ironía. A comparación, a imaxe e a metáfora constrúense con frecuencia a partir do léxico relacionado coa natureza: “O pobo é como o grao: // nel está a semente // que un día ha de ser froito, // a saiba que non morre.” (Manuel María, 2001, páx. 338)

Noutro nivel, no nivel gráfico, debemos salientar un libro como *Poemas pra construír unha patria*, pois atopamos nel a expresividade non figurativa, unha expresividade en que cobra relevo o emprego da maiúscula, especie de berro, ou voz máis alta, que subliña a mensaxe do texto. Maiúsculas, barras oblicuas que substitúen as conxuncións coordinantes, trazos entre letras, signos matemáticos, fan dos poemas obxectos visuais. A mensaxe ten que procurar o seu efecto e todos os mecanismos que a poesía ofrece son válidos, o poema chega a través do oído e dos ollos.

Finalmente, Manuel María non descoida a métrica e isto é evidente na primeira lectura dos poemas. Vemos, xa de inicio, que Manuel María escolle o modelo estrófico en función da temática que trata ou co obxectivo de que o poema poida ser fixado doadamente. Así son moitos os casos en que os poemas manteñen un metro e unha rima buscando a musicalidade que os fixe na mente do lector. Isto que é evidente naqueles poemas titulados *canción* e dos que Manuel María compuxo abondo, vémolos moi claramente en *Os soños na gaiola*, en que os poemas se constrúen maioritariamente en arte menor, moitas veces oitosilábicos, e forman estrofas rimadas: cuartetos (“O chifre”, “a Roda-roda”), cuartetos asonantados, ou series de pareados (“Señor gato”).

En *Cancións do lusco ó fusco* temos cancións construídas en serventesios e cancións en poemas de versos libres, en ocasións versificación libre paralelística. *Poemas ao outono*, poemario marcadamente lírico, está composto de vinte sonetos.

Nos poemas máis críticos de denuncia social a métrica deixa lugar ao poema de versos libres, con tendencia á narratividade. Mais ás veces a rima impónse, así sucede nalgún poema como “Poema/lembranza/pasado/futuro/solidario”, nun libro en que predomina o verso libre como é *Poemas pra construír unha patria*.

En *Versos pra cantar en feiras e romaxes* atopamos un alto número de poemas que se constrúen en versos libres, mais rematan nunha rima asonante de dous versos (“O labrego”: “E aguantar, aguantar e aguantar, // agardando morrer pra descansar.”; “Historia do home que toma o sol”: “¡Este velliño, fraco e magro, // vive do subsidio e do milagro”). Dentro destes poemas de versos libres atopamos poemas de verso li-



bre fluuante (“Antroido”, “Mariñeiro”, “Pastorela”), versificación libre paralelística (“O labrego) e verso libre de base tradicional (“Historia do home que toma o sol”).

#### 4. CONSCIENCIA E LEGADO DO POETA

Manuel María identificábase con Francis Jammes, que el definiu como un poeta que cultivou un certo franciscanismo e que rompeu co Simbolismo e co Parnasianismo, para cultivar unha poesía orixinal, sinxela, de amor á natureza. Manuel atopa coincidencias co autor e manifesta que como el tamén se considera a si mesmo bastante franciscano. Manuel María chámalle franciscanismo a atender ás pequenas cousas, a estar atento ao mundo que o rodea, a darlle ao seu regato do Cepelo a importancia dun grande río, o grande río de Outeiro de Rei. Mais este xeito de estar no mundo é a continuación dunha tradición que está no pobo ao que pertence, é o xeito do labrego, atento a cada pequeno cambio do seu grande mundo, é a actitude que o leva a ser un poeta de visión ecocéntrica, actitude que o singulariza na súa xeración.

Manuel María dixo que nunca se propuxo ser un escritor profesional (entre outras cuestións para el era unha forma de manter a independencia), mais si se propuxo ser un escritor en galego. Era, conscientemente, reflexivamente, un poeta galego, un poeta nacionalista galego, de aí que a súa obra teña un lugar propio dentro da corrente socialrealista. Era o seu propósito e é o legado que nos deixa. Propúxose contribuír ao mantemento do noso idioma e, sen descanso, entregouse en corpo e alma ao traballo cultural. Esta entrega explica todo: a súa produción literaria, a súa produción xornalística, a súa participación constante en todos os actos culturais, percorrendo o país en todas as direccións. E a súa sementeira deu froito, entre as xeracións máis novas.

Manuel María tiña claro desde o inicio que o idioma é a ferramenta fundamental para a defensa e o mantemento da nosa identidade, por iso son tantos os poemas que tratan a realidade do idioma, a súa situación de desprezo, a necesidade de sermos firmes no seu emprego. Mais Manuel non limitou a súa defensa do idioma e o seu traballo cultural á publicación de libros de poesía, como xa dixemos. Todos os medios que se puidesen empregar na defensa do idioma e o país eran axeitados, tanto máis axeitados, canta maior difusión tivesen. Así Manuel participa na redacción de programas de festexos populares, programas de man de exposicións, tarxetas de Nadal ... Porque para Manuel María “a miña escrita naceu por un afán de comunicación” (C. Vidal, 1995, páx. 26).

Esta consciencia da nosa realidade, da importancia do idioma, exprésaa o propio poeta nas súas intervencións. Así na Mesa Redonda “A problemática do escritor galego” (1967, Círculo das Artes en Lugo) Manuel María di que o escritor galego é, exclusivamente, o que escribe en galego e que para salvar Galiza como colectividade é imprescindible salvar o noso idioma. Estes dous principios que Manuel María

expresa con absoluta claridade e que para moitos de nós son axiomas indiscutíbeis, aínda hoxe, case corenta anos despois, deben ser discutidos e defendidos en determinados ámbitos.

Hoxe, ao lermos a Manuel María, non podemos deixar de comprobar que algúns dos seus versos seguen tendo vixencia. Algunhas das críticas e reivindicacións que el realizou desde o poema, son aínda necesarias hoxe. Precisamente esta afirmación contrasta co temor do autor a que os seus versos perdesen rapidamente actualidade, tal e como vemos no libro *Remol*.

Desgrazadamente, a poesía de Manuel María pasou, nun momento concreto, por un período de ignorancia intencionada. Recolle López Foxo que, inicialmente, a promoción dos 80 deu as costas á poesía de Manuel María, de tal xeito que mesmo en recensións bibliográficas como a de *Camp de l'Arpa* non aparecen mencionados os libros que Manuel publicara nesa altura<sup>3</sup>. Será a promoción dos 90 a que considere como referentes literarios aos autores e autoras da xeración de 57, e outros anteriores, como podemos comprobar nas declaracións da maioría dos seus integrantes en *Para saír do século*<sup>4</sup>. Na introdución, os antólogos precisan que a poesía dos 90 recuperou dalgún xeito a temática comprometida, actualizándoa, até tal punto que foi denominada ironicamente “Nova poesía comprometida”.

No abalar do tempo o péndulo volve unha e outra vez á necesidade de que o texto non só sexa comprometido, senón que o pareza, á necesidade de que tamén o poema, desde o seu imperativo inmediato de construír a literatura nacional, colabore na construción da propia nación, porque aínda é imprescindible. En palabras de Manuel María:

“Galiza é unha agarda moi madura  
que non permite prazos, dilación,  
estancamentos, freos ou premura.” (Manuel María, 2001, páx. 604)

## 5. BIBLIOGRAFÍA

- “Nun aito de extraordinario releu foi presentado o Libro de Manuel María “Versos pra un País de minifundios”, *A Nosa Terra*, nº 511, (1969), páx. 3.
- Fernández Teixeira, M. M., “O meu Celso Emilio Ferreiro”, *Celso Emilio Ferreiro. Común temos a patria*, *A Nosa Cultura* 11, *A Nosa Terra*, (1989), p.p. 4-6
- Fernández Teixeira, M. M., “Un poema de Manuel María”, *A Nosa Terra*, nº 508, (1965), páx. 6.

<sup>3</sup> Non se cita ningún dos libros publicados por Manuel María entre o 71 e o 80, dez libros.

<sup>4</sup> Rodríguez, L. e Seara, T. (ed.), *Para saír do século*, Vigo, Xerais, 1997.

- Gómez Torres, Camilo, “Manuel María e o seu tempo”, *Historia da literatura galega*, Vigo, AS-PG, A Nosa Terra, 1996.
- Gómez Torres, Camilo, *Manuel María: os traballos e os días*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2001.
- Gómez Torres, Camilo, *O tempo vital de Manuel María*, Vigo, A Nosa Terra, 2005.
- L. Bernárdez, C., Insua, E.X., Millán Otero, X.M., Rei Romeu, M., Tato Fontaiña, L., *Literatura galega século XX*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2001.
- López Foxo, M., “Regreso á poesía de Manuel María”, *A Nosa Terra*, nº 1194, (2005), páx..
- Manuel María, *Terra Chá*, Lugo, Edicións Celta, 1980.
- Manuel María, *Proba documental*, en A.A. V.V., *Val de Lemos*, A Coruña, Espiral Maior, 1993.
- Manuel María, *Os soños na gaiola*, Vigo, Edicións Xerais, 2000.
- Manuel María, *Obra poética completa I (1950-1979)*, A Coruña, Espiral Maior, 2001.
- Manuel María, *Terra Chá*, A Coruña, Biblioteca Galega 120, La Voz de Galicia, 2002.
- Méndez Ferrín, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Edicións Xerais, 1984.
- Millán Otero, X. M., “O contexto literario”, en B. Graña, *Profecía do mar*, Vigo, Edicións Xerais, 1995.
- Rodríguez, L. e Seara, T. (ed.), *Para saír do século*, Vigo, Edicións Xerais, 1997.
- Sanmartín Rei, A., “Un momento crucial: *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro”, *Historia da literatura galega*, Vigo, AS-PG, A Nosa Terra, 1996.
- Tarrío Varela, A., *Literatura galega*, Vigo, Edicións Xerais, 1994.
- Veiga, M., “Manuel María e o Deus das pequenas cousas”, *A Nosa Terra*, nº 1090, Vigo, (2003), p.p. 2-5.
- Vidal, C., “Manuel María: “A literatura é unha loita contra a morte””, *A Nosa Terra*, nº 1014, Vigo, (2001), p.p.26-28.